

FCG/af

**DECRETO**: Ourense, 8 de novembro de 2016

De conformidade co disposto no artigo 46.2.a) da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases do réxime local, e conforme se recolle na Disposición adicional quinta do Código Ético da Deputación, **DISPOÑO** que se convoque sesión extraordinaria do Pleno da Corporación Provincial,

**DÍA:** mércores, 16 de novembro de 2016  
**HORA:** 10.00 horas en primeira convocatoria\*.  
**LUGAR:** Salón de sesións do Pazo Provincial.

\* Se na primeira convocatoria non existise o quórum necesario segundo o disposto no número anterior, entenderase convocada a sesión automaticamente á mesma hora, dous días despois.

### **ORDE DO DÍA**

- 1º.- Debate sobre o estado da provincia de Ourense, correspondente ao ano 2016.
- 2º.- Aprobación, se procede, de propostas de resolución formuladas polos grupos.

De conformidade co que se lles comunicou aos portavoces dos grupos políticos, na Xunta de Portavoces do día 7 de novembro de 2016, o desenvolvemento do Pleno extraordinario aterase ás seguintes regras:

- 1ª.- Cada grupo político poderá formular ata un máximo de 10 propostas de resolución. As propostas de resolución presentaranse por escrito desde a data da convocatoria ata o día 14 de novembro ás 14.30 horas, no Rexistro Xeral de documentos da Deputación Provincial.
- 2ª.- O debate abrirase cunha intervención da Presidencia por un tempo máximo de 30 minutos. A continuación, cada grupo político disporá de 15 minutos de intervención para a formulación de réplica á intervención do presidente e defensa das propostas de resolución presentadas. A orde de intervención dos grupos estará determinada polo número de deputados cos que contén, intervindo en primeiro lugar o Grupo do BNG, en segundo lugar o Grupo de Democracia Ourensana, en terceiro lugar o Grupo Socialista e en cuarto lugar o Grupo Popular.
- 3ª.- Unha vez concluídas as intervencións dos grupos políticos, suspenderase a celebración do Pleno por un prazo de 30 minutos, durante os cales os portavoces dos grupos poderán reunirse para a negociación de posibles acordos respecto das propostas de resolución.
- 4ª.- O Pleno continuará cunha quenda de dúplica do presidente por un tempo máximo de 10 minutos, á que seguirá unha quenda de redúplica dos grupos políticos por un tempo máximo de 5 minutos cada un, coa mesma orde de intervención que a quenda de réplica.
- 5ª.- O debate pecharase cunha intervención do presidente por un tempo máximo de 5 minutos.
- 6ª.- Unha vez concluído o debate sobre o estado da provincia, procederase á votación individual das propostas de resolución presentadas, incluíndo as emendas que se acordasen ao respecto.

Así o dispón e o asina o Sr. presidente na data indicada. Dou fe.

O PRESIDENTE,

O SECRETARIO,